



ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

No Edificio da Casa da Cultura de Valdoviño (no canto do Salón de sesións da Casa do Concello de Valdoviño, por razóns derivadas do Covid-19, en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas), o día un de febreiro de dous mil vinte e un ten lugar reunión do Pleno da Corporación Valdoviño, para celebrar sesión extraordinaria e urxente; que da comezo ás vinte e unha horas e vinte e dous minutos. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, con asistencia dos/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández (polo sistema de videoconferencia)

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela (polo sistema de videoconferencia)

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpan a inasistencia a concelleira Jessica Sabín Fernández (PsdeG-PSOE) e o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria xeral Carlota González Navarro (polo sistema de videoconferencia) e do interventor do Concello Manuel Larrosa Rodríguez.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

ORDE DO DÍA

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA.-

Xustifica o Sr. alcalde a urxenza da sesión no feito de que o vindeiro cinco de febreiro remata o prazo para ter presentada a solicitude de participación no POS+2021 ante a Deputación Provincial da Coruña.

O Concello- Pleno en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes, apreciou a urxenza da presente sesión.

2º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2021” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

Vista Circular de Novembro/2020 da Deputación Provincial Ref. SRP-PGV- Plans Provinciais relativa ao POS+2021, con detalle das cantidades achegadas a este Concello de Valdoviño para cada un dos tipos de achegas, así coma as normas reguladoras do Plan, o Concello- Pleno, **ACORDA:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	----	----	----
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	----	----	----
Subtotal pago a provedores	----	----	----

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	225.173,61€
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	----
Subtotal gasto corrente	225.173,61€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
----	----	----	----
----	----	----	----
----	----	----	----
----	----	----	----

Subtotal investimentos achega provincial 2021	----	----	----
--	------	------	------

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto básico e de execución de pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios	200.227,77€	48.287,43€	248.515,20€
Proxecto saneamento e bombeo en Montefaro	115.000,00€	37.333,16	152.333,16€
----	----	----	----
----	----	----	----
Subtotal investimentos achega provincial 2020	315.227,77€	85.620,59€	400.848,36€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
----	----
----	----
----	----
----	----
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	----

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	----		----
	Achega 2021	----		----
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	225.173,61€		225.173,61€
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	315.227,77€	85.620,59	400.848,36€
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	----		----

TOTAL	Achega 2021	225.173,61€	----	225.173,61€
	Achega 2020	315.227,77€	85.620,59€	400.848,36€
	Préstamo 2021	----	----	----
	TOTAL	540.401,38€	85.620,59€	626.021,97€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRADIGAS...	196.288,18€
REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO...	219.585,28€
ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO	80.091,15€
SANEAMIENTO EN A CARREIRA. FASE I	210.610,53€
MEJORA DE LAS REDES DE SERVICIO AC-116 P.K 8+800-9+700	249.449,96€
TOTAIS	956.025,10€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se

acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O transcrito acordo adoptouse polo Concello-Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta dos membros asistentes á sesión.

Votos a favor dos concelleiros do PsdeG-PSOE: 8

Abstencións dos grupos PP (2 votos) e de CENVAL (1 voto).

Sen máis asuntos a tratar, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos deste día un de febreiro, o Alcalde-Presidente levanta a sesión; da que como Secretaria estendo a presente acta e DOU FE da mesma.

/Documento asinado dixitalmente conforme figura na marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/.